

SEXENIO DEMOCRÁTICO

A partir dos seguintes documentos, elaboraremos unha composición de texto histórico da evolución política no período do Sexenio democrático (1868-1874).

A partir de 1866, as discrepancias entre a raíña e O'Donnell rematan cunha profunda crise política e a súa expatriación a Francia. Narváez asume a presidencia e goberna de forma ditatorial tentando conter a avalancha de opositores, polo que se poden cualificar estes últimos dous anos do reinado como Bienio ultramoderado. No exilio, progresistas e demócratas dirixidos por Prim, unen as súas forzas para derrocar a Sabela (pacto de Ostende, 1866 e pacto de Bruxelas, 1867). Tras a morte de O'Donnell, os unionistas dirixidos por Serrano contactan cos antiborbónicos; pouco despois falece Narváez. A raíña quédase soa.

En setembro do 1868, os unionistas, progresistas e demócratas, contando co apoio das masas populares, destronan a Sabela II.

Esta revolución de 1868 coñecida como Gloriosa ou Setembrina que expulsou os Borbóns de España abre a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios do liberalismo democrático e nos intereses das clases medias.

Unidos baixo o lema “Abaixo os Borbóns!” e “España con honra!”, a revolución iniciouse en Cádiz cun pronunciamento das tropas da Mariña. Pouco despois, os sublevados vencen ás tropas leais á raíña na batalla de Ponte de Alcolea (Córdoba).

Ao mesmo tempo, nas cidades xorden numerosas xuntas revolucionarias que ademais de reclamar o sufraxio universal, a liberdade de prensa, ensino e asociación; esixen a abolición dos consumos e a da redención de quintas.

Tras o exilio de Sabela II a París, formouse un Goberno provisional integrado por unionistas e progresistas, presidido por Serrano e do que formaba parte Prim, e que contaba co apoio dos demócratas. O Goberno puxo en marcha numerosas reformas políticas e económicas, e así mesmo, convocou Cortes constituíntes eleixidas por sufraxio universal para concretar o modelo político e de Goberno en España.

As eleccións deron un amplo triunfo aos partidarios da monarquía, polo que España sería unha monarquía democrática. Estas Cortes elaboraron unha nova Constitución, promulgada no 1869 e inspirada nos principios do liberalismo democrático que establecía a soberanía nacional, a monarquía, unha clara separación de poderes, Cortes bicamerais, liberdade de cultos, o rei exerce o poder executivo a través dos seus ministros, o poder xudicial está en mans dos tribunais e hai dereitos e liberdades, entre os que destaca o dereito de asociación e reunión (nacerá a Federación Rexional Española da Asociación Internacional de Traballadores -FRE da AIT-).

Despois da promulgación da Constitución, Serrano foi nomeado rexente provisional mentres se buscaba un novo rei para España, que tiña que ser católico, liberal e contar co apoio das potencias europeas. Este período coñécese como Sexenio democrático (1868-1874).

O rei de Italia, Vítor Manuel II era un escrupuloso observante da Constitución italiana, o que facía pensar que o seu fillo seguiría o seu modelo, polo que o candidato escollido foi Amadeo de Savoia, fillo de Vítor Manuel. Ademais, na Lei Sálica establecíase que se non había Borbóns na liña sucesoria se buscaría un novo monarca na casa de Savoia.

Amadeo reinou en España (1871-1873) tendo unha formación militar e descoñecendo o español, ademais tivo escasos apoios. Era alcumado “Don Macarrone I” e “Don Melone I”. A morte de Prim

nun atentado deixouno sen o seu principal valedor. A inestabilidade política foi o trazo máis característico do seu reinado, no que tivo numerosos problemas como as tensións políticas no Goberno, a guerra de Cuba, a terceira guerra carlista e a forte oposición republicana. Ante todo isto, Amadeo abdica o 11 de febreiro de 1873.

Tras isto, o Congreso e o Senado, forman unha Asamblea Nacional que proclama a República o 11 de febreiro de 1873.

Proclamada a República, a Asamblea Nacional Republicana asume todos os poderes e nomea como presidente do poder executivo a Estanislao Figueras.

Pronto xurdiron fortes diferenzas: uns defendían a creación dunha república unitaria e outros a creación dunha república federal. Entre estes últimos tamén existían fortes diferenzas. Os federais gradualistas dirixidos por Pi i Margall, defendían que unhas Cortes constituíntes decidisen e organizasen o reparto dos poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación. Por outra banda, os federais intransixentes ou cantonalistas defendían que a federación debía facerse desde abaixo, coa proclamación das unidades políticas inferiores, os Estados ou Cantóns, para construír desde elas a federación española.

As tensións republicanas causaron unha gran inestabilidade política, e convocáronse unhas novas eleccións para formar unha Asamblea Nacional constituínte. As eleccións foron gañadas polos federais e proclamouse a república federal, nomeando presidente do poder executivo a Francisco Pi i Margall (11 de xuño). Rapidamente elaborouse un proxecto de Constitución federal que organizaba España en 17 Estados federados (incluídos Cuba e Porto Rico), a xefatura do Estado correspondía ao presidente da república, o poder lexislativo correspondía en exclusiva á Asamblea Nacional Republicana bicameral, recoñecía a autonomía municipal e separábase a Igrexa do Estado.

A axitación social e política incrementábase en toda España. Nalgunhas zonas os obreiros e campesiños, estimulados pola FRE da AIT protagonizaron folgas e protestas, nas que esixían a mellora das súas condicións sociais. Destaca a revolta social de Alcoi (8-7-1873), na que as masas populares asasinaron as autoridades e incendiaron diversas fábricas, o que causou un forte temor na burguesía. Ao mesmo tempo, os federais intransixentes comezaron a proclamar a independencia de cantóns sen agardar a que a Asamblea nacional promulgase a Constitución federal. Destaca a proclamación do Cantón de Cartaxena.

O cantonalismo incorporou nalgunhas zonas reformas sociais, para contar co apoio dos internacionalistas da AIT. Estas revoltas fixeron fracasar o proxecto de implantar a federación desde arriba, producindo unha disgregación do poder e provocando a dimisión de Pi i Margall.

O novo Goberno republicano estivo presidido por Nicolás Salmerón (18 de xullo), quen para sufocar o movemento cantonalista en Andalucía e Levante e a guerra carlista se apoiou nos militares (Pavía e Martínez Campos) e tivo que acceder ás súas peticións de restablecer a autoridade e a orde; pero a necesidade de asinar penas de morte, levou a Salmerón, contrario á pena capital, a dimitir.

Sucedeu Emilio Castelar (7 de setembro), quen conseguiu poderes extraordinarios da Asamblea para facer fronte ás guerras (cantonalista, carlista e cubana); así, gobernou varios meses por decreto, tomando medidas drásticas e represivas e apoiándose nos militares conservadores. Os federais descontentos pretendían escoller un novo presidente, e durante o transcurso da sesión, o xeneral Pavía entrou no Congreso e dissolveu a Asamblea Nacional (3-1-74).

Tras esta disolución, Serrano asumiu o poder executivo da república contando co apoio dalgúns xefes militares e políticos radicais que forman parte do seu Goberno. Serrano suspendeu as garantías constitucionais e prometeu convocar Cortes constituíntes cando o país estivese pacificado; mentres, o exército combatía os carlistas e os cantonalistas.

As tensións entre os republicanos, as guerras e o incremento das reivindicacións sociais revolucionarias realizadas polos membros da AIT provocaron unha gran inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España e á revolución social. Estes temores favoreceron os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a Monarquía na persoa de Alfonso de Borbón, fillo de Sabela II, quen se presenta como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal (Manifiesto de Sandhurst).

O 29 de decembro de 1874 en Sagunto, o xeneral Martínez Campos pronunciouse a favor da monarquía de Alfonso XII, con escasa resistencia. Remataba en España a I República.

Alfonso XII tentará pacificar a situación que atopa en España á súa chegada e Cánovas establecerá un sistema pacífico de quenda ou alternancia de partidos. Neste sistema o partido conservador (moderados e unionistas) presidido por Cánovas alternarase no poder co partido liberal (progresistas, demócratas e republicanos posibilistas) dirixido por Sagasta, para así, gracias a unhas eleccións manipuladas para ser sempre gañadas por un destes dous, estes cinco partidos permanezan no poder e non poidan ser debilitados por outros novos.

En Galicia, tras a expulsión de Sabela II, os republicanos inician a súa actividade como grupo organizado e o capitán de navío José María Beranguer pronúnciase en Ferrol a favor do cambio de sistema, acción que é secundada en moitas cidades galegas nas que se establecen xuntas de Goberno formadas por republicanos e progresistas.

Os republicanos galegos mostráronse contrarios á monarquía establecida pola Constitución do 1869, xa que querían unha república federal, o que levou a varias revoltas e pactos coma o galaico-asturiano.

Na Coruña, os republicanos gañaron as eleccións municipais e Federico Tapia Segade foi nomeado alcalde.

A insurrección que tivo lugar en Ferrol no 1872 fracasou e foi condenada polos dirixentes madrileños, o que levou á formación do Partido Republicano Federal de Galicia en Santiago no 1873.

Como conclusión, podemos dicir que ante o pouco éxito do período democrático e á grande inestabilidade e curta duración da I República, a monarquía será restaurada e o poder político controlado e alternado para evitar posibles debilidades a causa dos rivais, especialmente, do movemento obreiro.